



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

CIRCULAR 3-2013 (modificada a 9/01/2013 sinálanse os cambios en vermello)

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os assembleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS CORTO POR CLUBES

Circuito do Monte do Gozo, Santiago de Compostela, 20 de xaneiro do 2013

Art. 1.- A Delegación da FGA en Santiago de Compostela, ca colaboración do Concello de Santiago, organizará o **Campionato Galego de cross corto por clubs** o domingo 20 de xaneiro do 2013 no Circuito do Monte do Gozo en Santiago de Compostela.

Art. 2.- Poderán participar atletas das categorías **promesa** (nados en 1991, 1992 e 1993), **senior** (nados en 1990 e anteriores ata veteran) e **veteráns** (dende o día que cumpren 35 anos).

Art. 3.- Poderán intervir todos aqueles atletas das citadas categorías que se atopen en algunha das seguintes condicións:

3.1.- Atletas que ficharan durante a tempada actual (2012/13) por algún Clube pertencente a Comunidade Galega.

3.2.- Atletas con ficha pola FGA, aínda que pertezcan a Clubes de outras Comunidades Autónomas.

3.3.- Atletas nacionais ou estranxeiros convidados expresamente pola FGA, que non reúnan ningunha das dúas anteriores condicións.

3.4.- Admitirase a participación a título individual sempre e cando o atleta se inscriba en prazo e forma.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.4.- Realizarase soamente unha clasificación por equipos conxuntamente con todas as categorías (absoluta) tanto en homes coma en mulleres. E da mesma maneira existirá un título honorífico ao club que obteña a mellor puntuación sumando os puntos acadados en ambas clasificacións, a masculina e a feminina. Para poder puntuar por equipos cada Club deberá clasificar a 4 corredores/as que formen o equipo. Cada club terá dereito a formar un só equipo por cada categoría.

Art.5.- A forma de clasificación por equipos será a seguinte:

1. Confeccionarase unha lista de chegada formada polos atletas que compoñen os equipos (ata un máximo de 6), con exclusión dos que daqueles que non teñan saído a competir con alomenos 4 atletas.
2. Esta lista só estará formada polos atletas dos Clubes que teñan enviado á Federación Galega no prazo previsto.
3. A cada atleta atribuiráselle un número de puntos coincidente co posto que ocupe segundo esta lista de chegada.
4. Sumaranse os puntos dos 4 mellores clasificados de cada equipo.
5. Proclamarase vencedor o equipo que obteña o menor número de puntos.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



XUNTA
DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

6. Os empates a puntos resolveranse a favor do equipo cuxo carto clasificado teña terminado máis preto ó gañador da proba.

Art.6).- Horarios e distancias aproximadas de cada unha das carreiras:

CAMPIONATO GALEGO DE CROSS POR EQUIPOS			
HORA	CATEGORIA	SEXO	DISTANCIA
13:30	Senior-Promesa	Mulleres	4.000 m. aprox.
13:50	Senior-Promesa	Homes	4.000 m. aprox.

(* *Os/as atletas veteranos/as poderán participar como atletas da categoría senior e formar equipo, a tódolos efectos.*

Art.7).- As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>), como data límite o martes anterior a competición, ata as 20:00 horas do día **15 de xaneiro**.

Art.8).- Os Delegados oficiais dos Clubes, poderán retiralos seus dorsais, ata 45 minutos antes da saída de cada proba na secretaría de competición. Pasado este período non se admitirá a participación do atleta.

Art.9).- A orde de colocación dos respectivos equipos na saída establecerase por sorteo.

Art.10).- Tódolos atletas deberán pasar por cámara de chamadas 15 minutos antes da saída de cada proba.

Art.11).- Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito en toda a súa superficie. O incumprimento desta norma será motivo de descalificación.

Art.12).- Entregaranse trofeos ós tres primeiros equipos clasificados tanto en homes como en mulleres.

Art.12).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros.

Art.13).- Todo o non disposto no presente Regulamento resolverase de acordo cas normas da I.A.A.F.




Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono: 981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> - 15008 - A CORUÑA



XUNTA DE GALICIA

Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia



HORARIO e DISTANCIAS APROXIMADAS

MEMORIAL ALEJANDRO LORENZO

10:30 h	BENXAMIN Mulleres	C+1P	840 m aprox
10:35 h	BENXAMIN Homes	C+1P	840 m aprox
10:40 h	ALEVIN Mulleres	C+1M	1.420 m aprox
10:55 h	ALEVIN Homes	C+1G	2.000 m aprox
11:15 h	INFANTIL Mulleres	C+1G	2.000 m aprox
11:35 h	INFANTIL Homes	C+1P+2M	2.840 m aprox

CAMPIONATO GALEGO CADETE e XUVENIL

11:55 h	CADETE Mulleres	C+1M+1G	3.000 m aprox
12:15 h	CADETE Homes	C+3G	5.160 m aprox
12:40 h	XUVENIL Mulleres	C+2M+1G	4.000 m aprox
13:05 h	XUVENIL Homes	C+1M+3G	6.160 m aprox

CAMPIONATO GALEGO de CROSS CURTO

13:30 h	SENIOR - PROM. Mulleres	C+2M+1G	4.000 m aprox
13:50 h	SENIOR - PROM. Homes	C+2M+1G	4.000 m aprox

Victor Arufe Giraldez
Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 2 de xaneiro de 2013